

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36009974	CEIP de Coutada-Beade	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	4º Inf.	7	245

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A programación da área de Comunicación e Representación da Realidade recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 4º de EI co fin máximo de promover nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan comezar a desenvolver ferramentas para comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coa contorna e coas demais persoas que a habitan.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situación de aprendizaxe (retos, tarefas, actividades e exercicios). Consideramos fundamental seguir respetando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán coma referencia para os centros de interese que cada mestra ou mestre escollerá, pero sempre favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos.

A temporalización das unidades proposta é orientativa e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada persoa mestra. Atoparemos dúas unidades didácticas (a modo de proxecto) en cada trimestre, e unha unidade transversal que se desenvolverá ao longo de todo o curso onde se traballarán de forma reiterativa aspectos moi concretos relacionados coa área e que complementará o traballado nas outras unidades.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1		1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1				
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1			1				1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aprendizaxe continua	<p>Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías. Aquí atoparemos actividades relacionadas coas linguaxes coma medio de comunicación (assembleas, buscas de información, uso de medios dixitais) de expresión (conciencia fonolóxica, emprego de diferentes soportes) e de relación social (pautas de convivencia, autoregulación emocional...).</p> <p>Recollerá tamén as actividades iniciais de acollida do alumnado xa que é a súa primeira incorporación no centro e na aula. Incluirase aquí o período de adaptación que se ten que realizar neste curso e tamén todas aquelas actividades que realizaremos posteriormente de presentación de novos integrantes da clase, novos espazos, de dinámicas de cohesión de grupo, elaboración das normas da clase en gran grupo, etc...</p>	35	X	X	X
2	Así son, así sentimos	<p>Nesta categoría poderemos encadrar proxectos onde a alumna ou alumno parta do autocoñecemento a través do descubrimento do seu propio corpo. Poderemos levar a cabo proxectos relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de emocións...</p> <p>Levaremos a cabo propostas centradas na exploración activa do corpo relacionando o movemento coa expresividade tanto corporal coma oral, iniciando o coñecemento de vocabulario relacionado coas emocións así como a expresión de sentimentos para favorecer o aumento do seu repertorio comunicativo. Iniciaremos ao alumnado no coñecemento e reprodución de cantigas, xogos de palabras, identificación de elementos de imaxes... sempre de forma activa, lúdica e manipulativa.</p>	35	X		
3	Argallando	<p>Nesta categoría incluiremos os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes disponibles para o noso alumnado.</p> <p>As diferentes linguaxes (oral, escrita, corporal, musical, plástica, e audiovisual) cobrarán gran importancia nos proxectos dentro desta categoría, así como as transferencias entre eles. Todas as actividades partirán da liberdade, intentando non ofertar modelos que estereotipen a práctica do noso alumnado, fomentando sempre a creatividade e a expresión persoal de cada nena e neno.</p>	35	X		

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	A vida cotiá	Nesta categoría encadramos proxectos adicados a coñecer un momento da historia, xa sexa presente, pasado ou futuro, un pobo, cultura ou grupo social concreto, persoas históricas, así como profesións... Levaranse a cabo propostas centradas en pequenas actividades de descubrimento onde iniciemos ao alumnado na busca de información, recopilación e interpretación da mesma. Sempre empregando diferentes formatos e soportes favorecendo a accesibilidade de todo o noso alumnado.	35		X	
5	A horta	Nesta categoría traballaremos proxectos relacionados coa comunicación e representación da realidade do mundo vexetal, xa sexa a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, traballando na horta, descubrindo aspectos da agricultura... As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario, comprensión dos pasos para levar a cabo diferentes accións, a descripción de procesos e fenómenos naturais...	35		X	
6	Os animais	Nesta categoría incluímos os proxectos adicados a representación e comunicación da realidade do mundo animal, xa sexa coñecendo un en concreto ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat, ou a súa relación cos seres humanos. As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario asociado, descripción de animais segundo as súas características singulares, así como a descripción do seu hábitat, participación en actividades de elaboración de información relacionada co tema...	35			X
7	A nosa contorna	Nesta categoría poderemos levar a cabo proxectos relacionados coa contorna do alumnado, tanto a máis próxima, coma a relación que poida ter con outras. Tamén o traballo relacionado coa cultura, o patrimonio, as expresións culturais e máis aspectos relacionados. Primarán as actividades de consulta de fontes de información en diferentes soportes, adaptadas a súa idade, sobre diferentes temas para poder coñecer diferentes aspectos e inicialos en accións de difusión realizando sinxelas producións en ambas linguas oficiais.	35			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aprendizaxe continua	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa activamente nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Escoita e interpreta mensaxes sinxelas emitidas por outras persoas.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con interese a lectura de textos literarios breves	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo tras a escoita o lectura dun texto literario.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece e acepta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersoal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual.

Contidos

- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
2	Así son, así sentimos	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa en actividades dramáticas e musicais utilizando instrumentos musicais.	TI
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Participa en actividades de expresión corporal libre.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Respecto polas producións alleas. - Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática. - Uso do baile e da danza como medios de expresión. - Respecto cara ás producións alleas. - Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.

UD	Título da UD	Duración
3	Argallando	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa interese ante representacións ou manifestacións artísticas.	TI
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de expresarse musicalmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Reacciona ante representacións ou manifestacións artísticas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Realiza creacións plásticas explorando os distintos materiais con interese	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións plásticas.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Realiza obras plásticas partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.

Contidos

- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.

UD	Título da UD	Duración
4	A vida cotiá	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	É quen de expresarse oralmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar palabras segundo as súas características	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Respecto cara ás producións alleas.

UD	Título da UD	Duración
5	A horta	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	TI
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.

Contidos

- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Respecto cara ás producións alleas.

UD	Título da UD	Duración
6	Os animais	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.	TI
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar palabras segundo as súas características	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
7	A nosa contorna	35

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Recoñece algunha algunha particularidade lingüística da contorna próxima.	TI
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega unha linguaxe respetuosa coas demais persoas e se inicia no uso das convencións sociais.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito non convencional, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Fai unha aportación persoal con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística ou representación dixital	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural. - Memorización e recitado de textos literarios. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.

Contidos

- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área que nos atopamos (CRR) sempre deberemso ter en conta a concepción positiva da infancia ao respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas, e máis neste primeiro curso do segundo ciclo no que se están a iniciar na súa comunicación coa contorna máis aló do seu núcleo familiar. Como aula e escola deberemos dar resposta creando as condicións para que as diferentes linguaxes comencen a desenvolverse, sen considerar a ningunha por enriba das demais. Teremos sempre en consideración o deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos que respecten a necesaria transferencia dunhas linguaxes a outras, combinando as diferentes técnicas, recursos e materiais propios de cada unha para un mellor autoconñecemento e comprensión da realidade. O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás xogos ou cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

Dentro da metodoloxía deste programación destacamos:

- As unidades didácticas terán actividades adaptadas aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. Estas actividades buscarán a exploración e manipulación de diversos materiais, xerando curiosidade e culminando con sinxelas creación das crianzas
- Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.
- Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.
- Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...
- Nesta programación empregárase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...
- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e

empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reproductor musical
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículum, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidad: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Comunidade educativa (Alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)
Instrumentos musicais,: de pequena percusión e de láminas, obxectos sonoros, equipo de música, discos, micrófono, teclado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Esta avaliación inicial realizarase unha vez superado o periodo de adaptación, teranse en conta información obtida durante este periodo, pero se agardará a que o alumno se amose adaptado ás rutinas e a realidade da aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra/e.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adequaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adecar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e la atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades facer este tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais, etc).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.		X	X				
ET.2 - Hábitos de control corporal.		X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X		X			X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.					X	X	
ET.5 - Educación para o consumo responsable.			X		X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.		X		X			X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoa experta.	En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que actúe como experto na materia que estamos a traballar.	X		
Contacontos	En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que veña a contar un conto relacionado coa materia que estamos a traballar.	X	X	X
Saída de campo.	En cada unidade realizaremos unha saída para afondar no traballo na aula.			X
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso.			X
Proxectos medioambientais	Se poderá participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza.			X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Outros
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades.

Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Temporalización de actividades adecuada.
Empréganse diversos recursos didácticos.
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá unha autoavaliación por parte da titora trimestralmente mediante a observación directa e sistemática na aula.

9. Outros apartados